

---

**ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL E RETIRE OS PREGOS E A LICITACIÓN DA XESTIÓN DA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS PARA A SÚA REVISIÓN, RECTIFICACIÓN E MELLORA.**

O pasado 25 de outubro a Xunta de Goberno Local aprobou a licitación do expediente denominado "Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela", por dous anos, e por un importe de 2.600.210,66 euros (IVE incluído). Este expediente divídese en catro lotes:

- **Lote I: Animación sociocultural.** Orzamento estimado máximo de gasto: 1.367.147,66 euros.
- **Lote II: Bibliotecas.** Orzamento estimado máximo de gasto: 436.568,75 euros.
- **Lote III: Atención ao público.** Orzamento estimado máximo de gasto: 433.194,31 euros
- **Lote IV: Novas tecnoloxías.** Orzamento estimado máximo de gasto: 363.299,94 euros.

Unha vez analizados todos os documentos, parece que existen bastantes anomalías, incoherencias, incongruencias, imprecisións, erros e outros fallos que poden ser detectados nunha simple lectura, entre as que destacamos:

1. Sobre os horarios de abertura dos centros (Lote III), parece que estes non coinciden cos horarios estipulados nas horas do servizo de animación sociocultural (Lote I). Así, existen centros nos que só se orzan 33 horas de abertura, o que implica que algúns centros cabeceira teñan que pechar pola mañá como é o caso dos de Santa Marta, das Fontiñas, de Vite, de Conxo ou do Romáño, ademais do centro da Trisca. Tampouco conciden estes horarios cos da abertura de bibliotecas (Lote II), dándose a incongruencia de indicar a abertura de bibliotecas en horarios de mañá en centros que, supostamente, estarían pechados ou que o prego de atención ao público non contempla a súa abertura.
2. Ao anterior hai que engadir que non está contemplada a abertura regular de ningún centro os sábados de tarde, ao que se lle une a non abertura nos domingos para completar unha oferta ridícula para as fins de semana. Non obstante, si que está contemplada a abertura nas tardes do luns, cando a demanda de actividade na rede de centros é moito menor. Hai que ter en conta que as aberturas que se precisen de centros tanto o sábado de tarde como a calquera hora dos domingos correran contra unha

raqúitica bolsa de 300 horas que debería estar destinada para outro tipo de 'imprevistos' do servizo.

3. O mínimo de persoal a contratar para a abertura e atención ao público é de 14 persoas, aínda que a suma total das horas deste persoal é de 12.736 horas, que se as dividimos entre o calendario de aberturas previsto significa que este persoal estará contratado a media xornada, o que alén de xeralizar a precarización, xa non cumpriría coa subrogación das e dos traballadores nas súas condicións actuais.
4. Tamén no prego técnico de Atención ao Público de CSC (Lote III) pídese, no apartado 8 punto 40, "Instalar dispositivo de cámara dual en tres centros socioculturais, para o recuento de persoas e control de aforo". Consideramos inapropiado que o Concello delegue nunha empresa de animación sociocultural o control de imaxe dos usuarios de tres centros, sen indicación de cales han ser. Esta indefinición indica que nos se estudou a idoneidade dos tres centros, nomeados de forma xeralista, que se lle indicarán a empresa a posteriori. O Concello neste caso pode vulnerar os dereitos de imaxe dos usuarios deses centros por non proceder cun uso axeitado das imaxes. O Concello semella que quere delegar o control de aforo dos centros nunha empresa sen asumir as súas responsabilidades. Lembrámoslle ao goberno que o traballo de animación sociocultural nada ten que ver co dunha empresa de seguridade.
5. Compriría revisar os cadros que marcan as horas de animación sociocultural do servizo a prestar nalgúns centros porque parece que non están ben calculadas, como por exemplo nos centros das Fontiñas ou do Romáño. A isto, podemos engadirle que nos pregos administrativos tamén existen erros na denominación de diferentes cadros, o cal pode dar pé a confusións.
6. Un tema moi significativo que precisa unha redacción distinta que posibilite unha maior información de calidade sobre as bolsas de horas, lembremos a súa desagregación:
  - Lote I: 656 horas cunha valoración de 7.176,29 euros no Servizo de Atención ao Público.
  - Lote II: 600 horas cunha valoración de 7.275 euros nos Servizos Bibliotecarios.
  - Lote III: 490 horas cunha valoración de 7.275,10 euros no servizo de Novas Tecnoloxías.
  - Lote IV: 10.000 horas cunha valoración de 110.723 euros no Servizo de Animación Sociocultural

Estamos a falar dunha valoración total de 132.449,39 euros de horas "a concretar polo Concello" segundo os pregos técnicos. O modo de xestión destas bolsas de horas debería estar recollida de forma exhaustiva nos pregos en cada un dos lotes. O informe para a delimitación do valor máximo de licitación recolle exclusivamente a valoración de

horas desagregadas en horas do ano 2021 e do 2022. Non sabemos, os pregos nada din, do modo en que se vai xestionar e controlar estas bolsas, nin como se vai dar conta dela de forma transparente. Nestes termos non hai planificación concreta nin se atende a transparencia na xestión de 132.449,29 euros de diñeiro público, aínda que no prego administrativo aparecen as horas destas bolsas de forma moi comprometida entre as melloras das máis destacadas.

7. Ademais, no caso da bolsa de horas para actividades extraordinarias de animación sociocultural órzanse a pouco máis de 11€/hora, que sería o prezo a pagar á empresa, que non á persoa traballadora. Por ese prezo é difícil que se poida facer unha contratación de calidade e de persoal especializado para este tipo de tarefas.
8. No prego de Novas Tecnoloxías (Lote IV) existe unha incoherencia grave entre o texto redactado que fala de que estas aulas abrirán “preferentemente” de outubro a xuño, polo tanto, durante 9 meses, e sen embargo despois nos cadros indica unha abertura de 11 meses nos centros cabeceira e de 10 no resto de centros.
9. Tamén neste prego, non fica claro quen vai estar encargado de realizar determinadas funcións como a xestión de redes, a xestión da web, ou das App's da rede de centros. Non queda claro se serán as persoas animadoras e monitoras as que realizarán estas tarefas, ademais das propias da actividade sociocultural, ou se vai ser outro tipo de persoal da empresa adxudicataria, que en todo caso non aparece cuantificado.
10. E relacionado co anterior, nos pregos, fanse referencias a ferramentas que tería que ter elaborado e entregado a actual empresa adxudicataria mais que aínda non o ten feito, como é o caso da páxina web -que estaba nun estado moi avanzado no 2019- ou que se pida a creación dunha base de datos para a xestión dos centros, sendo ambas condicións dos pregos anteriores. Ferramentas das que o Concello carece aínda que nos pregos se tratan como se xa estiveran operativas, ou se volven ‘contratar’.
11. Igual que acontece coas base de datos, mais xa no relativo ao equipamento que deberá achegar a empresa, aparecen requerimentos que máis parecen como un “copia e pega” e de documentos anteriores, como é o caso das 5 pantallas que debería ter instalado a concesionaria actual, que non instalou e que agora se volven requerir. Así non fica claro se o Concello non vai reclamar os 5 monitores, ou se o seu obxectivo é pasar de non ter ningunha a ter 10 pantallas.
12. Así mesmo no prego de Bibliotecas (Lote II) a casa das Asociacións de Cornes aparece mencionada no obxecto do contrato aínda que despois non se explicitan as súas horas, nin aparece como equipamento do servizo, nos cadros en que estas se detallan.
13. O prego administrativo recolle no CAPÍTULO 4. EXECUCIÓN DO CONTRATO, cláusula 20.3 Subrogación do persoal referido ao artigo 130 da LCSP, e ao anexo IX. SUBROGACIÓN recolle: o “persoal deste servizo que está adscrito ao convenio da

empresa FERROVIAL”. Inferimos que os traballadores de CSC poden chegar a perder o seu traballo se non existe seguridade na sucesión e futuras empresas entrantes non están obrigadas a subrogar, polo que a información que aparece nos pregos sería unha orientación e non constitúe de feito unha obriga. Un punto que ademais pode ser motivo de impugnación e recurso por parte da representación dos traballadores.

14. A todo o anterior habería que engadir que a relación entre as diferentes empresas non está ben definida e que existe unha redacción que inclusive pode dar pé a que exista un certo solapamento de funcións entre elas.

Por todo isto, parece evidente que existe unha importante falta de atención política á xestión deste servizo. Unha falta de atención e de capacidade do concelleiro delegado que, posiblemente, vaia conlevar importantes percances para o Concello de Santiago. En resumo, estamos diante duns pregos técnicos redactados dun modo impreciso, con moitos erros, que recollen pouca información e que non concretan, ademais de parecer que non gardan coherencia interna entre os catro lotes.


A todo o anterior, hai que engadirle unhas esixencias de solvencia económica moi elevadas -tanta facturación no ano anterior, que hai que lembrar foi un ano de crise para o mundo da cultura, como o valor anual de cada lote- que vai provocar que só concorran empresas grandes, posiblemente multinacionais, ademais de que é moi posible que se teñan que afrontar recursos e contenciosos en fases futuras da licitación.

Tendo en conta todo o anterior, e polo ben do servizo e do Concello de Santiago, desde o grupo municipal de Compostela Aberta **SOLICITAMOS:**

- **Que o goberno local retire os pregos e a licitación do servizo de xestión da rede de centros socioculturais para dispor a súa revisión e posteriores rectificacións e melloras.**

Santiago de Compostela, 17 de novembro 2021

Branca Novo Rei



Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta

**Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO**